

Bases reguladoras da primeira convocatoria do ano 2010 de concurso público para a concesión de becas internacionais da Diputación Provincial de Ourense no marco do programa europeo Leonardo da Vinci.

O obxecto destas bases é a regulación da tramitación e concesión de 30 bolsas individuais de estancias e prácticas laborais en empresas europeas, que teñen como finalidade apoiar aos participantes en actividades de formación para a adquisición de coñecementos, competencias e cualificacións que completen o desenvolvemento persoal e profesional, facilitando a mobilidade dos traballadores en Europa e promovendo o desenvolvemento de prácticas innovadoras e a súa transferencia entre os países participantes, fomentando o perfeccionamento de linguas estranxeiras.

Poderán ser beneficiarios deste programa os titulados universitarios de primeiro ou segundo ciclo. As prácticas poderanse desenvolver en empresas da Unión Europea, preferentemente en Alemaña, Austria, Francia, Italia, Reino Unido, República Checa e Portugal.

Requisitos dos beneficiarios:

- Posuír titulación universitaria de primeiro ou segundo ciclo acreditada por universidades españolas ou recoñecidas polo Ministerio de Educación, ou estar en condición de obter a titulación na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Que a dita titulación se obtivese nos cinco anos inmediatamente anteriores á data do ano da convocatoria deste concurso.
- Posuír coñecemento dalgunha das seguintes linguas cun nivel suficiente para desenvolver unha práctica laboral axeitada ó seu grao de formación académica: italiano, francés, portugués, alemán e/ou inglés.
- Posuír coñecementos de informática a nivel de usuario.
- Non ter gozado anteriormente dunha bolsa do programa Leonardo da Vinci convocada por esta Deputación Provincial.

Para as bolsas incluídas nesta convocatoria, o financiamento provén das achegas da Unión Europea, do Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos (OAPPE) e da Deputación Provincial de Ourense, ascendendo a un importe máximo de 200.000,00 euros.

Solicitudes:

Ó abeiro do establecido no artigo 7.2.d) da Ordenanza reguladora do acceso electrónico ós servizos provinciais (BOP de Ourense n.º 296, do 28 de decembro de 2009), *a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos*, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

O formulario de solicitude de bolsas internacionais reguladas nestas bases só se poderá obter, cubrir, validar e transmitir ou, se é o caso, descargar, a través da aplicación informática <http://becasinternacionais.depourense.es>.

Os formularios de solicitude no citado enderezo de internet estarán dispoñibles ata as 10.00 h do día anterior á finalización do prazo de solicitude: **ata o 18 de marzo de 2010**.

Cada petionario só poderá solicitar unha bolsa ó abeiro desta convocatoria, aínda que posúa máis dunha titulación.